XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

# PROXECTOTERRA

## PAGUS. Galicia, un país de paisaxes

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
C.O.A.G.



as.pg
tve
ONCE
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# Recoñemento xurídico

CARTA DE FLORENCIA

## CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE (CEP)

- Consello de Europa, non Comisión Europea
- Convenio, non directiva
- Sinatura o 20/10/2000
- Ratificación diferencial por países
- Entrada en vigor en 2004



Palazzo Vecchio de Florencia

# DEFINICIÓN DE PAISAXE

«por "paisaxe" entenderase calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos» (art. 1.a)





# ALGÚNS CONTIDOS FUNDAMENTAIS

- «Con suxeición ás disposicións contidas no artigo 15, o presente Convenio aplicarase a todo o territorio das Partes e abranguerá as áreas naturais, rurais, urbanas e periurbanas. Comprenderá así mesmo, as zonas terrestres, marítimas e as augas interiores. Refírese tanto ás paisaxes que poidan considerarse excepcionais como ás paisaxes cotiás ou degradadas.» (art. 2)




SUPERAR AS PAISAXES EXCEPCIONAIS


DESPRAZAR A MIRADA DESDE O SINGULAR ATA O COTIÁ

# SITUACIÓN EN GALICIA

- Lei 7/2008, do 23 de maio, de protección da paisaxe de Galicia
- 2011. Estratexia de paisaxe Galega.
- DECRETO 119/2016, de 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia
- Vinculante ás Normas subsidiarias municipais e aos PXOM

**1. Serras Orientais**
1.1 Os Ancares - A Fonsagrada
1.2 O Courel, O Incio e Samos-Triacastela

**2. Serras Surorientais**
2.1 Terra de Trives
2.2 Terra do Bolo
2.3 A Gudiña - Riós

**3. Chairas e Fosas Luguesas**
3.1 A Terra Chá
3.2 Lugo
3.3 Sarria - Terra de Lemos
3.4 Terra de Chantada

**4. Chairas, Fosas e Serras Ourensás**
4.1 Alto Arnoia
4.2 Alta Limia
4.3 Baixa Limia
4.4 Baixo Arnoia
4.5 Verín

**5. Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil**
5.1 Valdeorras
5.2 Ribeira Sacra Silense
5.3 Ribeira Sacra Miñota
5.4 Fosa de Ourense
5.5 O Ribeiro

**6. Costa Sur - Baixo Miño**
6.1 Costa Sur - Baixo Miño Litoral
6.2 Baixo Miño Interior
6.3 O Condado - A Paradanta

**7. Galicia Central**
7.1 Terra de Ordes
7.2 Terra de Santiago - A Barcala
7.3 Terra de Melide - Arzúa
7.3 A Ulloa
7.4 Deza
7.5 Tabeirós
7.6 Terra de Montes - Alto Lérez
7.7 O Carballiño

**8. Rías Baixas**
8.1 Muros
8.2 Arousa - Baixo Ulla
8.3 Umia - O Salnés
8.4 Pontevedra
8.5 Baixo Lérez
8.6 Vigo Litoral
8.7 Vigo Prelitoral

**9. Chairas e Fosas Occidentais**
9.1 Arco Bergantiñán
9.2 Bergantiños
9.3 Costa da Morte
9.4 Terra de Soneira
9.5 Terra de Fisterra
9.6 Terra de Xallas

**10. Golfo Ártabro**
10.1 Golfo Ártabro Litoral
10.2 Golfo Ártabro Interior

**11. Galicia Setentrional**
11.1 Rías Altas Litorais
11.2 Rías Altas Interior
11.3 Serras e Fosas Setentrionais

**12. A Mariña - Baixo Eo**
12.1 A Mariña - Baixo Eo Litoral
12.2 A Mariña - Baixo Eo Interior




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

A CONSELLERÍA | MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE | TERRITORIO E URBANISMO | VIVENDA

*Vostede está en:* Portada > Organizacións > Instituto de Estudos do Territorio

Escoitar | Enviar | Imprimir | Compartir

**Catálogo das Paisaxes de Galicia**

- Introdución: O Catálogo das Paisaxes de Galicia
- Premio de Paisaxe do Consello de Europa
- **Descarga de documentos**
- Visor do Catálogo das Paisaxes de Galicia

# Descarga de documentos

O Catálogo das Paisaxes de Galicia estrutúrase nunha memoria metodolóxica e un documento para cada unha das doce grandes áreas paisaxísticas.

**PARTE I. MEMORIA**

1. Introdución
2. Metodoloxía
3. Resultados do proceso de participación pública

Anexo I. Talleres de participación pública

**PARTE II. GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS**

I. Serras Orientais

Descrición e caracterización

Anexo cartográfico

Buscar

Buscador avanzado

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

ideg mapas.xunta.gal

desourb

CATALOGOPAISAXES
ATLAS DAS PAISAXES DE GALICIA

MAOT_Instituto_Estudos_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Catalogo_paisaxe_galicia/seccion.html&std=Visor.html

# SITUACIÓN NO MUNDO DA EDUCACIÓN

- CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE

«Cada Parte comprométese a promover: […]

c) cursos escolares e universitarios que, nas disciplinas correspondentes, aborden os valores relacionados coas paisaxes e as cuestións relativas á súa protección, xestión e ordenación» (art. 6.b)

- LEI 7/2008 DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA (art 14)
  - 2. A Xunta de Galicia fomentará a incorporación da materia da paisaxe nos distintos ciclos educativos, e promoverá a formación de especialistas en materia de intervención da paisaxe.

# LOMCE

- A PAISAXE COMO CONTIDO TRANSVERSAL
- INSTRUMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
- MATERIA LIBRE CONFIGURACIÓN





# A PAISAXE NAS AULAS





## AS AULAS NA PAISAXE

# OBXECTO DE ESTUDO


Dimensión percibida
COMPLEXIDADE, DIVERSIDADE,…HOLÍSTICO
Dimensión histórico-cultural
Dimensión Físico-Ecológica
A SÚA MULTIDIMENSIONALIDADE

# A INTERDISCIPLINARIEDADE COMO VÍA DE ACCESO





A paisaxe posúe un enorme potencial como concepto unificador para la investigación europea en materia de medio ambiente y territorio.

*Fundación Europea da Ciencia. Informe co motivo do 10º aniversario do CEP*

# DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS CLAVE
# CELEBRACIÓNS CONTEMPLADAS NO DOGA







# CENTRO DE INTERESE

- Excelente ocasión para a experimentación nas metodoloxías e na xestión de aula, a partires de **proxectos interdisciplinares**
- **PMAR**











- MULTIDISCIPLINAR
- ABERTOS
- PROGRESIVOS

# http://proxectoterra.coag.es/



# DOCUMENTOS MARCO DE PARTIDA

- Convenio europeo da paisaxe.
- Lei 7/2008 da protección da paisaxe de Galicia.
- Deseño curricular:
  - » Decreto 86/2015 da LOMCE.
- Ciutat, Territori, Paisatge de Catalunya.

# http://www.catpaisatge.net/cat/activit

catalán | español | english | français

Observatori del Paisatge

MILLORAT PER Google

WEBS DEL OBSERVATORIO

EL OBSERVATORIO | ACTIVIDAD | CENTRO DE DOCUMENTACIÓN | PUBLICACIONES | ACTUALIDAD | RECURSOS EXTERNOS



Inicio > Actividad > Materiales educativos: Ciudad, Territorio, Paisaje

- Catálogos de paisaje
- Paisaje y mundo local
- Paisaje, energía y cambio climático
- Paisaje y patrimonio
- Paisaje y educación
- Seminarios y jornadas

ACTIVIDAD DEL OBSERVATORIO

## Ciudad, Territorio, Paisaje

El proyecto Ciudad, Territorio, Paisaje es resultado de la colaboración entre los departamentos de Enseñanza y Territorio y Sostenibilidad de la Generalitat de Cataluña y el Observatorio del Paisaje y se dirige al alumnado y al profesorado de los centros de educación secundaria de Cataluña. Su finalidad es potenciar el conocimiento del patrimonio paisajístico catalán y sensibilizar a los estudiantes sobre la necesidad de la preservación de los valores paisajísticos y la toma de conciencia de la incidencia de la acción humana sobre el medio. Se trata de una propuesta interdisciplinaria que ofrece la posibilidad de trabajar los elementos naturales y humanos del territorio de forma integrada ya partir de la observación de paisajes concretos y reales,

Los materiales didácticos constan de tres elementos:

**1. Carpeta con 12 láminas panorámicas**
Láminas de trabajo, representativas de la diversidad de paisajes de Cataluña .

- PAGUS
  OBXECTIVOS

*-Aprender a mirar*
*-Sentirse axentes activos*
*-Desenvolver o espíritu crítico*
*-Formar cidadáns do futuro*

## • PAGUS PARTES







### DOSSIER TEÓRICO




### LÁMINAS




### CARTOGRAFÍA



- FALAMOS DE PAISAXE
  - TODA PAISAXE É UN MUNDO DE:
    CORES - ULIDOS - FORMAS - SONS - TEXTURAS
- A DESCUBERTA DA PAISAXE
  - ELEMENTOS ESTRUTURAIS
    ELEMENTOS ABIÓTICOS
  - ELEMENTOS TEXTURAIS
    ELEMENTOS BIÓTICOS
    ELEMENTOS CULTURAIS OU ANTRÓPICOS
  - CARÁCTER DUNHA PAISAXE
- OS VALORES DA PAISAXE
  SOCIAL - ESTÉTICO - IDENTITARIO - SIMBÓLICO
  PRODUTIVO - NATURAL - HISTÓRICO
- A EXPRESIÓN DA PAISAXE

# PARTE 1
## BLOQUE 1




# FALAMOS DA PAISAXE ?

Falamos! E, ademais, facémolo acotío. Cando saímos ao campo unha fin de semana e describimos unha bisbarra rural, cando visitamos como turistas unha cidade distinta á que vivimos e lemos sobre ela, cando ollamos unha postal que nos manda alguén desde lonxe, cando imos cada mañá da casa cara ao instituto e observamos como un edificio antigo é derrubado, aparece un soar e logo unha obra transfórmao de novo... en todas esas ocasións, falamos de paisaxe. Mesmo constantemente opinamos sobre se esta ou aqueloutra paisaxe é bonita, fea, relaxante, frondosa, exótica, desagradable, etc. Cantas veces á volta dunhas vacacións mostrámoslles aos nosos amigos as fotos dos lugares onde estivemos e lles explicamos o que nelas acontecía? Seguro que arreo!



Pero... saberiamos responder a pregunta **«que é a paisaxe»?** Unha primeira resposta que seguro que se nos vén á cabeza é que paisaxe é aquilo que miramos, o que vemos diante nosa. Pero realmente paisaxe é un concepto moito máis profundo que tentaremos desentrañar nas seguintes páxinas.



O termo paisaxe foi empregado ao longo da historia con diversos significados, o que fixo que evolucionase e enriquecese con novos matices desde a súa aparición. Esta produciuse no Renacemento en Europa. En Asia naceu con anterioridade: en China xurdiu a partir do século V d.C. e de aí trasladouse ao Xapón, onde os xardíns paisaxísticos acadaron un alto grao de elaboración e refinamento antes mesmo de que o termo paisaxe aparecese en Europa.

Nas linguas románicas, familia á que o galego pertence, a palabra paisaxe é unha evolución da voz latina **PAGUS**, tal e como sucede coa *paisagem* portuguesa, co *paisaje* castelán, co *paysage* francés, co *paesaggio* italiano, ou co *paisatge* catalán. PAGUS tiña un significado equivalente ás actuais palabras galegas 'campo' ou 'terra'.



Nas linguas románicas a palabra paisaxe propiamente dita naceu no francés no s. XVI. De acordo cos especialistas, trátase dunha tradución ou imitación do holandés *landschap*, do que tamén deriva o inglés *landscape*.

A pregunta que nos interesa agora responder é clave: **por que se "inventou" o termo nese preciso intre?** Pois porque cumpría referirse a unha nova actividade que estaba aparecendo: a pintura de paisaxes. Desde o Trecento (s. XIV) italiano e a pintura flamenca e holandesa do s. XV foise xerando unha intensa produción de cadros que se catalogaban como *paysage*, *paesaggio* ou *landschap*, o que conformou un xénero pictórico de seu.

O xénero das paisaxes foi no seu día moi novidoso, pois non existían representacións coma esas na Idade Media. Estas pinturas representaban unha área do territorio, pero sempre desde o punto de vista do pintor.



# PARTE 1
# Bloque 1

A ría de Vigo vista dende Trasnaño



# A DESCUBERTA DA PAISAXE

Todos os sentidos axúdannos a percibir a paisaxe. Os ulidos, os sons, o tacto pero sobre todo a vista. Estímase que o ser humano percibe a través da vista case o 90% das impresións que o rodean. De aí que sexan os elementos visuais os máis importantes para observar, representar e reflexionar sobre a paisaxe. O mellor é facelo sobre o terreo, visitando o lugar directamente, pero se iso non é posible entón as fotografías poden ser un bo medio para traballar. Pero non debemos esquecer que ás veces son os ulidos, os sons, as sensacións táctiles e incluso os sabores os que nos deixan unha fonda pegada na nosa vivencia dunha paisaxe.

Un **primeiro paso** na comprensión dunha paisaxe é debuxala. O resultado non é importante, o debuxo pode de feito ser un **esquizo**. O debuxo normalmente comeza polas grandes liñas, que non son máis ca límites entre cores, formas, etc. que recoñecemos na paisaxe. Unha vez teñamos esas liñas directrices que nos ofrecen os grandes volumes, centrarémonos en representar os elementos da paisaxe, sobre todo como son, onde están situados e como están relacionados os uns cos outros.

8





Nesta paisaxe podemos distinguir unha liña horizontal que é a silueta da montaña e que nos indica un relevo montañoso sen picos, como se produce habitualmente en Galicia. Outra liña moi contundente que separa cores e texturas é un cortalumes produto do ser humano, que plantou un piñeiral á man esquerda e deixou o monte baixo á man dereita. Nese monte baixo distinguimos unha serie de liñas, perpendiculares ao cortalumes, que separan os ámbitos ocupados pola vexetación dos rochedos nos que non foi medrando a matogueira.





Nesta paisaxe, o horizonte é tamén unha liña marcada, pero afastada. O conxunto está dominado por un caserío situado no medio, rodeado por terras. As divisións entre elas son nítidas. Ao redor do caserío e as parcelas recoñecibles, disponse unha masa arbórea continua, só interrompida por pequenos claros e asentamentos diseminados. Todos estes elementos conforman unha aldea, como unidade básica de explotación agrogandeira e forestal.

# • A PERCEPCIÓN

TODA PAISAXE É UN MUNDO DE...



CORES

ULIDOS

FORMAS

SONS

TEXTURAS



## Catro Lugares

| Torés | Alllariz | Santiago | A Coruña |
| --- | --- | --- | --- |
|  |  |  |  |
|  |  |  |  |

## Catro Estacións

| Primavera | Verán | Outono | Inverno |
| --- | --- | --- | --- |
|  |  |  |  |

PARTE 1
BLOQUE 1

# • ELEMENTOS DA PAISAXE

ELEMENTOS ESTRUTURAIS

## *ABIÓTICOS*

RELEVO, ROCHAS, CLIMA, AUGA.



ELEMENTOS TEXTURAIS

## *BIÓTICOS*

VEXETACIÓN, FAUNA.



## *CULTURAIS ou ANTRÓPICOS*

ACTUACIÓNS DO SER HUMANO SOBRE ELEMENTOS ABIÓTICOS E BIÓTICOS.



# • ELEMENTOS DA PAISAXE

Os **elementos estruturais** son os que xorden da natureza e evolucionan en longos períodos de tempo, moi superiores á historia humana (millleiros ou millóns de anos). Son, entre outros, a estrutura do relevo, os tipos de rocha, a disposición dos ríos, etc.

| | | |
|---|---|---|
| Estruturais | A | Elementos ABIÓTICOS |
| Texturais | B | Elementos BIÓTICOS |
| Texturais | C | Elementos CULTURAIS ou ANTRÓPICOS |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ELEMENTOS ESTRUTURAIS | A | Elementos ABIÓTICOS<br><br>Son todos aqueles elementos que non son seres vivos. A súa presenza, distribución e configuración poden estar debidas á acción do ser humano. |  | Relevo | Abas - Corgos - Serras - Canóns - Depresións Vales - Cantís - Illas - Chairas - Praias etc. |
| | | |  | Auga | Encoros - Foces - Rías - Enseadas - Lagoas - Ríos Esteiros - Levadas - Fervenzas - Marismas etc. |
| ELEMENTOS TEXTURAIS | B | Elementos BIÓTICOS<br><br>Correspóndense coa vexetación, que pode ser tanto a que medra de forma espontánea como a inducida polo ser humano, excluíndo os campos de cultivo e os prados nos que hai gando. | <br> | Aciñeiras /aciñeirais<br>Amieiros /amieirais<br>Bidueiros /bidueirais<br>Bosques de ribeira<br>Carballos /carballeiras<br>Castiñeiros /soutos<br>Eucaliptos*<br>Fragas<br>Matogueiras | Monte<br>Piñeiros /piñeirais*<br>Plantacións forestais*<br>Sobreiras /sobreirais<br>Toxos /toxeiras<br>Uces /uceiras<br>Xestas /xesteiras<br><br>etc. |
| | C | Elementos CULTURAIS ou ANTRÓPICOS<br><br>Son todos aqueles elementos que non están clasificados en A e B e que necesariamente teñen unha orixe humana ou cultural. A súa clasificación é moi complexa, pero podemos distinguir entre tres grupos. |  | Urbanos | Bloques, Cidades, Edificios, Parques, Polígonos, Portos, Rúas, Urbanizacións, Vilas, Zonas vellas etc. |
| | | |  | Agrarios | Agras, Bacelos, Camiños, Campos, Hórreos, Hortas, Invernadoiros, Prados, Lameiros, Leiras etc. |
| | | |  | Outros | Antas, Pontes, Bateas, Canteiras, Castros, Estradas, Liñas de tren, Castelos, Mosteiros, Piscifactorías, Vertedoiros etc. |

* Non hai acordo sobre a clasificación. Tamén pode ser consideradas C

# PARTE 1
## Bloque 1

- SOCIAL
- ESTÉTICO
- IDENTITARIO
- SIMBÓLICO
- PRODUTIVO
- NATURAL
- HISTÓRICO



# OS VALORES DA PAISAXE

VALOR SOCIAL

VALOR ESTÉTICO

VALOR IDENTITARIO

VALOR SIMBÓLICO

A paisaxe non consiste só nos elementos físicos, senón que tamén ten que ver cos significados e cos valores que as persoas lle atribúen.

Podemos comezar preguntándonos a nós mesmos polos sentimentos e emocións que nos esperta unha paisaxe, na medida en que a paisaxe é a nosa **casa**. Diante dunha paisaxe xorden emocións positivas e negativas. Que nos gusta -e que non nos gusta- desa paisaxe? Que lembranzas nos evoca? Que sentimentos nos esperta?

Os valores da paisaxe non só responden ao noso sentir persoal, senón aos diferentes significados que adquiren na sociedade. Os valores que pode xurdir inclúen:

•Valores sociais, como encontro, o lecer, o paseo, o repouso, a práctica do deporte, etc. nunha determinada paisaxe.

•Valores estéticos, na medida en que unha paisaxe transmita un sentimento de beleza ou a xente a aprecie ou lle confira un determinado significado.

•Valores identitarios, cando unha sociedade se identifica cunha paisaxe concreta.

•Valores simbólicos, relacionados cunha determinada lenda ou historia fantástica.

•Valores produtivos, como as actividades agrarias, turísticas, mineiras, industriais, etc.

•Valores naturais, como a presenza de determinadas especies e vexetais relevantes.

•Valores históricos, na medida en que unha determinada paisaxe exprese a pegada do ser humano na historia.

Non se pode esquecer que tamén os valores e os significados puideron variar no tempo, de xeito que se puideron perder, ou ben puideron emerxer novos. As diferenzas culturais explican non só diferentes paisaxes, senón modelos culturais á hora de percibir esas paisaxes.

VALOR PRODUTIVO

VALOR NATURAL

VALOR HISTÓRICO

O VALOR DA PAISAXE CAMBIA CO PASO DO TEMPO

11








# SPOTS

## Web proxectoterra Sección VIDEOS

# PARTE 1
## Bloque 1

# A EXPRESIÓN DA PAISAXE

En Galicia, a cultura e a sociedade comezaron ollar para a paisaxe co Romanticismo, no século XIX. Este acadou unha expresión orixinal co Rexurdimento, que é o nome co que se coñece o movemento de rexeneración da vida e da cultura galegas que tivo lugar nese século. Isto implicou, entre outras consecuencias, o xurdimento do galeguismo e o agromar da literatura galega contemporánea.

**Rosalía de Castro** (1837-1885) tivo un papel central. Un dos seus máximos obxectivos foi dignificar o pobo e a lingua de Galicia, que estaban daquela menosprezados. Rosalía situou a paisaxe nesa estratexia. O prólogo a *Cantares gallegos* (1863) non pode ser máis transparente.

*Lagos, cascadas, torrentes, veigas floridas, valles, montañas, ceos azues e serenos com'os d'Italia, horizontes nubrados e malencónicos anque sempre hermosos com'os tan alabados da Suiza; ribeiras apacibres e serenas, cabos tempestuosos qu'aterran e admiran pola súa xigantesca e sorda cólera... mares inmensos... ¿que direi máis? non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores; os montes cheos de pinos, de robres e salgueiros; os lixeiros ventos que pasan; as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaiños, vran e inverno, xa polos risoños campos, xa en profundas e sombrisas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos inorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, qu'inda os mesmos que puideron contemplar tanta hermosura (xa non falamos dos que se burlan de nós sin que xamais nos haxan visto nin ainda de lonxe, que son os máis) inda os que penetraron en Galicia e gozaron das delicias qu'ofrece, atrevéronse a decir que Galicia era... ¡un cortello inmundo!...*

**Rosalía de Castro** (1863): **Cantares Gallegos**
Edición de María Xesús Lama (1995). Galaxia

12

Rosalía loitou contra as persoas que consideraban Galicia un "cortello inmundo", para o que **creou unha imaxe positiva da paisaxe rural**. Transmitiu, deste xeito, unha paisaxe doce, agarimosa, amable, maternal, etc.

Esta forma de ollar Galicia tivo moito éxito, ata o punto que se pode afirmar que a paisaxe galega é unha paisaxe rosaliá. Galicia é ainda hoxe frecuentemente fotografada, pintada, filmada, relatada, imaxinada, explicada, promocionada... dun modo que nace con Rosalía de Castro. De feito, Galicia xa non é na actualidade un territorio rural. No entanto, segue a proxectarse unha visión na que prima a ruralidade herdada do pasado.

Na literatura, a imaxe rosaliá da paisaxe foi en certo xeito continuada e profundada por Ramón Cabanillas (1876-1959), Otero Pedrayo (1888-1976), Álvaro Cunqueiro (1911-1981), Manuel María (1929-2004), amais de autores de literatura xuvenil contemporánea como Agustín Fernández Paz (1947), Antón Cortizas (1954) ou Marilar Aleixandre (1947), entre moitos outros.

Na pintura, un fillo de Rosalía foi unha das figuras que primeiro representou a expresión da paisaxe nestas claves: Ovidio Murguía (1871-1900). Outros pintores nacidos a finais do s. XIX ou principios do s. XX como Francisco Llorens (1874-1948), Carlos Sobrino (1885-1970), Carlos Maside (1897-1957) ou Manuel Colmeiro (1901-1991) converteron a paisaxe galega no centro da creación pictórica, cunha reivindicación desacomplexada da ruralidade como celme da identidade do país.

Manuel Colmeiro, Paisaxe (1971)



Pintores como Castelao (1886-1950) e Seoane (1910-1979) representaron tamén a Galicia rural, xa no s. XX. Coas súas paisaxes procuraron espertar a consciencia política e social de Galicia.

Non é casualidade que o cinema galego dese os seus primeiros pasos filmando no rural, con *Mamasunción* (1984) ou *Sempre Xonxa* (1989) de Chano Piñeiro (1954-1995). A paisaxe rural segue protagonizando a creación contemporánea, tanto nas películas de animación (*O bosque animado*, 2001; *O Apóstolo*, 2012) coma na filmografía comercial -por exemplo, a de Ignacio Vilar, con *Pradolongo* (2008) e *Vilamor* (2012).

Mamasunción (1984)



Sempre Xonxa (1989)



Vilamor (2012)



O Apóstolo (2012)



# PARTE 1
# BLOQUE 2

# • O TEMPO DA TERRA



# PARTE 1
## Bloque 2

## • O TEMPO DA TERRA






PARTE 1
BLOQUE 2

# • O TEMPO DA TERRA

## INTERCAMBIO TERRITORIAL QUIROGA-COUREL-RIBEIRASACRA







# E DIN QUE CHOVE ...



O clima de Galicia non se pode explicar sen ter presente o relevo. As nubes asociadas a borrascas que proceden do oeste e do suroeste penetran nas rías, baten coas serras do litoral e descargan no oeste de Galicia toda a súa auga. É por iso que hai moita diferenza entre o que chove nas abas do oeste das montañas (barlovento) co que chove na parte leste das mesmas (sotavento).






O ar húmido que vén do océano cando chega á costa e se atopa cunha serra, vese obrigado a subir. Cando sobe, arrefría e solta a auga. É por iso que na cara das montañas costeiras de onde vén o vento chove máis, mentres que na cara oposta, o ar descende, quéntase, e como xa soltara tamén a humidade, as precipitacións son moito menores.

Nos cumes das serras adoita nevar nos meses máis fríos. O relevo interior de Galicia fai que os veráns sexan máis calorosos e os invernos máis fríos e con máis xeadas que no litoral, onde a presenza do mar é o factor determinante da suavidade das temperaturas.



As chuvias por convección prodúcense cando o ar entra en contacto co chan quente. Este quéntase tamén e sobe, arrefría, satúrase, condensa e precipita (chove). Isto é o caso das tormentas de verán.

Así e todo, o clima de Galicia é de tipo oceánico cuns veráns temperáns, uns invernos frescos e pouca oscilación térmica (de 9º a 15º C). Podemos diferenciar un clima oceánico húmido na costa, un oceánico continental no centro e un oceánico de transición a mediterráneo no leste.

Nas cidades, a concentración industrial e de edificios, as calefaccións e os automóbiles modifican o clima creando "illas de calor" que supoñen un aumento da temperatura media en 1 ou 2º C do centro en relación á periferia. A contaminación do ar tamén fai que haxa máis condensación e aumenten as choivas.



Pero non sempre foi así. A actual Galicia non foi sempre terra de choiva. Do calor tropical ao frío glacial, aconteceron todo tipo de variacións intermedias.

Un dos períodos que nos pode parecer máis curioso é aquel no que o noso chan estaba cuberto de selvas. A verdade, ningún ser humano viu unha Galicia de palmeiras, fentos xigantes e pantanos. As pegadas do clima tropical en Galicia remóntanse ata os tempos dos dinosauros, hai sesenta e cinco millóns de anos.




Hai uns 120.000 anos as temperaturas e as precipitacións eran semellantes ás actuais. Esta fase prolongouse ata hai uns oitenta mil anos. Pero desde hai cincuenta mil anos, o clima foi arrefriando, nunha sucesión de períodos máis ou menos fríos e húmidos. É a era das glaciacións, na que predominaría o ambiente alpino, con estepas e coníferas.

# PARTE 1
## Bloque 2

# • O TEMPO DA TERRA
## INTERCAMBIO TERRITORIAL FERROL / FRAGAS DO EUME



# PLANETA TERRA OU ... PLANETA AUGA



O noso planeta ten as súas 7/10 partes cubertas polos océanos, amais do resto de auga doce que descorre polos ríos, forma lagos, acumúlase en forma de xeo, está suspendida na atmosfera ou flúe no subsolo.

A auga, en todas as súas manifestacións, foi a orixe e o soporte da vida e, sen ela, non se pode entender a existencia dos seres vivos, xa que está presente en todos os organismos. Amais, é unha das responsables directas do modelado da paisaxe (xa que descompón, arrastra e sedimenta as rochas), de regular o clima do planeta e de determinar a calidade de vida e o desenvolvemento das sociedades.

Esteiro do río Anllóns en Ponteceso



O relevo costeiro é modelado polas ondas, correntes e mareas que baten e erosionan cantís e cabos e depositan os sedimentos en praias, barras e baías.

Praia das Catedrais na Mariña





Tan afeitos estamos a ver o mar, que nos parece que debeu de estar sempre aí. Mais non é así: como todo, os mares tiveron un comezo. Cando se formou, a Terra era unha inmensa esfera cuberta por completo de lava e envolta por unha atmosfera varios centos de veces máis densa que a actual. A temperatura era moi elevada.

Cando a temperatura do noso planeta baixou, o vapor de auga da súa atmosfera transformouse en auga líquida e depositouse sobre a superficie, que xa era sólida. Desta primeira choiva, que durou varios milleiros de anos, naceron os océanos.

Segundo os científicos, a temperatura destes primeiros mares podía acadar os 150 °C.



En Galicia, os ríos van abríndose paso aproveitando os desniveis entre bloques, esculpindo vales en forma de V. No caso dos canóns da Ribeira Sacra, os ríos Miño, Sil e Bibei descorren polas fallas entre bloques. Cando un río ten que salvar unha pendente, e no caso galego desniveis entre bloques, forma unha fervenza.

Fervenza do Toxa



Os ríos galegos foron intensamente aproveitados para a construción de encoros destinados á produción de enerxía eléctrica. A súa implantación motivou o asolagamento de moitos vales e a perda de terras agrarias moi ricas, coa conseguinte transformación da paisaxe.

O encoro das Portas no concello de Vilariño de Conso



# PARTE 1
## Bloque 2

# O TEMPO DA HUMANIDADE



As primeiras xentes das que temos constancia no actual territorio de Galicia a través de achados probados son de hai aproximadamente uns 120.000 anos. Ese momento sitúase na Prehistoria, en concreto no Paleolítico. Posiblemente vivían en pequenos grupos e dedicábanse á caza, á pesca e á recolección de froitos silvestres, polo que a súa influencia na paisaxe debeu ser escasa. Habitaban covas naturais como a Cova da Valiña (Castroverde), Prado do Inferno (Muras), Pena Grande de Bordelle (Vilalba) ou Férvede (Xermade). Aproveitábanse do que a contorna lles proporcionaba e cando se esgotaba cambiaban de sitio. O seu xeito de vida depredadora obrigáballes a ser nómades.

Atopáronse algúns indicadores da acción do ser humano cara a finais do Paleolítico (6.000 ou 5.000 antes de Cristo, cuxas siglas son aC), por exemplo a destrución dalgunhas zonas de bosque para facer lume, talvez para obter espazos abertos que lles permitisen a caza. Comezaba, pois, a modificación do medio natural e a progresiva conformación dunha paisaxe afectada pola acción humana.



> Hai uns 10.000 anos os xeos do último gran período glaciar retiráronse e o clima fíxose máis cálido e húmido. A vexetación pasou daquela das estepas e os piñeiros a unha fraga mixta composta de carballos, bidueiros, abeleiras, castiñeiras, amieiros, freixos, etc., que é a orixe da vexetación actual potencial, é dicir, se o ser humano non tivese modificado profundamente a paisaxe.

Durante o Neolítico o ser humano aprendeu a cultivar e a criar o gando. Pasou de ser depredador a ser produtor. Xa non precisaba cambiar de asentamento cando se esgotaba o alimento porque era quen de obtelo da natureza polos seus propios medios. Nacía a agricultura e a gandería. A ocupación humana sería máis intensa nas zonas altas, achairadas, das serras, dado que presentarían unha vexetación menos frondosa, e uns solos menos duros ca nos vales.

> Ata o momento non temos constancia da existencia de poboados neolíticos, agás o xacemento de Montenegro. Podemos saber como e onde se enterraban os nosos antepasados pero non como eran as súas aldeas.

Por primeira vez, o ser humano viuse na necesidade de modificar a paisaxe natural para obter o alimento. Practicaban a gandaría, a horticultura e a agricultura itinerante de roza sen abandonar a caza, a pesca e o marisqueo. Deforestouse arreo e prendeuse lume aos bosques, para transformalos non tanto en terras de cultivo como en pradarías naturais nas que alimentar o gando. E tamén por primeira vez apareceron na paisaxe as construcións humanas. Nacía a Cultura

A ponte de Rande, ría de Vigo



Megalítica visible na paisaxe pola presenza de monumentos feitos con grandes pedras, tales como as antas ou dolmens (descubertas) e as mámoas (antas sepultadas baixo un outeiro artificial). Moitos destes túmulos foron levantados en lugares destacados que potenciaban a súa monumentalidade e parece que marcaban os lindes entre poboados, os lugares de traballo e os camiños.

Dolmen de Dombate, Cabana de Bergantiños



Situado no Chan de Bornemá a pouco máis de 200 m sobre o nivel do mar. O recinto alberga os restos dun dolmen primitivo, Dombate antigo, datado entre o 3500 a.C. e o 3000 a.C. e o Dombate recente, o máis grande, contra o 3000 aC.

Os túmulos modificaron e dividiron o espazo e marcaban o tránsito por el. A súa orientación cara ao leste ou sueste fai que fosen máis visibles na paisaxe desde estes puntos que desde o norte, polo que podían servir de puntos de orientación no territorio.

Cara ao segundo milenio a.C., na Idade do Bronce, apareceu a metalurxia. Os megálitos deixaron de construírse. A manifestación cultural máis coñecida desa época foron os petróglifos, que son abondosos en toda Galicia, pero que presentan unha alta densidade na zona das Rías Baixas. O seu significado é posiblemente simbólico, pero neles podemos adiviñar ás veces persoas, animais e vivendas.

Petróglifo de Castriño de Conxo



Ao producir minerais, as xentes daquela época precisaban madeira, polo que a explotación das fragas era xa moi intensa.

A cultura castrexa foi propia do noroeste peninsular, durante a Idade do Ferro (que comezou cara ao século VI a.C.). Esta cultura caracterizábase por unhas aldeas permanentes, normalmente fortificadas e amuralladas, situadas en lugares prominentes tales como outeiros. Na actualidade hai rexistrados algo máis de 5.000 poboados castrexos. O castro daba sentido á paisaxe de Galicia nesa etapa e articulou o territorio durante séculos.

# PARTE 1
## Bloque 2

# • O TEMPO DA HUMANIDADE
## INTERCAMBIO TERRITORIAL A PORTO






# • O TEMPO DA HUMANIDADE

## A TRANSFORMACIÓN DAS PAISAXES

### UN PAÍS: A SÚA ARQUITECTURA E O SEU TERRITORIO

- **IDENTIDADE TERRITORIAL**
  - MARCO XEOGRÁFICO
  - A ETAPA CASTREXA
  - A PRESENCIA ROMANA
  - A IDADE MEDIA
  - OS TEMPOS MODERNOS
  - O SÉCULO XX
  - O ESTADO DAS AUTONOMIAS
  - A EURORREXIÓN GALICIA - NORTE DE PORTUGAL

PARTE 1
Bloque 2

# • O TEMPO DA HUMANIDADE

## A TRANSFORMACIÓN DAS PAISAXES

### MATERIAIS COMPLEMENTARIOS






# PARTE 1
## Bloque 2










# PARTE 1
## Bloque 2

# E TI... DE ONDE VÉS SENDO?




Rianxo, Monforte, Vilar, Lama, Carballo, Oseira.... son nomes de lugares de Galicia. Aínda que non o pareza, todos teñen un significado e proceden dunha lingua, ás veces moito máis antiga que o galego como o latín, as linguas xermánicas ou incluso o árabe por difícil que pareza.

Os nomes de lugar son as palabras coas que o ser humano foi identificando e recoñecendo os lugares que habitaba. Forman parte importante do patrimonio cultural dun país porque reflicten a historia dese lugar.

A ciencia que estuda os nomes de lugar é a Toponimia, por iso a estes nomes tamén se lles chama topónimos.

> A lei que regula en Galicia os nomes de lugar é a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. O artigo que fai referencia a eles é o 10º, e di:
>
> *1. Os topónimos terán como única forma oficial a galega.*
>
> *2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos concellos, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.*
>
> *3. Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas.*

En Galicia hai máis de trinta mil nomes de lugar, os cales poden consultarse en:

www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator
http://sli.uvigo.es/toponimia

Estas fontes recollen os macrotopónimos. Así e todo, temos millóns de microtopónimos espallados, para cada un dos lugares do noso territorio.

Unha maneira de organizar e de coñecer a orixe dos topónimos é investigar sobre o seu significado. Deste xeito podemos clasificalos en:

- Os que se refiren á auga (Hidrotopónimos): A Lagoa, Esteiro, Pozacas, Fontiñas, etc.
- Os que fan referencia a vías de comunicación (Odontopónimos): A Estrada, A Ponte, O Porto, A Paradela, etc.
- Os relacionados cos montes, serras ou sistemas montañosos (Orotopónimos): Valdeorras, Malpica, Montouto, Penamá, etc.
- Os que collen o seu nome das plantas ou árbores (Fitotopónimos): Carballo, Souto, Filgueira, Oliveiroa, etc.
- Os que veñen do nome dalgún animal (Zootopónimos): Oseira, Leboreiro, Aguiar, Niñodaguia, etc.
- Os referidos a pedras ou formacións rochosas (Litotopónimos): Pedrafita, Paradanta, Penedo, Laxe, etc.
- Os procedentes do nome dunha persoa (Epónimos): Aldemunde, Baamonde, Bertamiráns, Proente, etc.
- Os que derivan de nomes de santos (Haxiotopónimos): San Cibrao, San Fins, San Sadurniño, Santalla, etc.
- Os que se refiren a asentamentos e construcións humanas: As Torres, Castro, Pazos, Muxía, etc.
- Os ligados a actividades humanas: A Pastoriza, A Baiuca, A Merca, Leilolo, etc.
- Os procedentes de núcleos de poboación: Vilanova, Vilar, Casal, Vilar de Sobremonte, etc.



Estes tres últimos tamén se chaman Antrotopónimos.




Como curiosidade, podedes saber que os tautopónimos son os nomes de lugar nos que se repite o accidente xeográfico que designa ou, en xeral, calquer outra repetición. Por exemplo, é o caso do Barco de Valdeorras (Barco= val) ou Malpica (Mal = alto, Pic = alto)

O sufixo -eiro, -eira nos nomes de lugar refírese ao lugar onde vivían ou había gran cantidade de algo. Así, Oseira foi o lugar onde había moitos osos e Carballeira fai referencia á presenza de moitos carballos.

Hai ducias de nomes curiosos por todo o noso territorio, coma O Mexadeiro en Ortigueira ou a Illa dos Cagallóns en Cabana de Bergantiños.

PARTE 1

BLOQUE 2

# • O TEMPO DA HUMANIDADE

## A TOPONIMIA

WEB NOMENCLATOR XUNTA: http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator



# https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio




Galicia Nomeada
REAL ACADEMIA GALEGA
XUNTA DE GALICIA
Inicio
Explora e colabora
Como colaborar
Entrar
Buscar
Busca avanzada
Resultados (73)
A Barrosa
Accidentes costeiros
A Casa do Corvo
Accidentes costeiros
A Cañeira da Cuada
Accidentes costeiros
A Cercada das Pontes
Accidentes costeiros
A Chan
Accidentes costeiros
VISUALIZA OS TOPÓNIMOS DESTA ZONA
Os Cazas
A Chanceira da Gaia
O Portiño ou O Pozo ou A Gaia
O Meixón do Pozo
A Parede do Pozo
A Golfeira
+ ENGADIR NOVO TOPÓNIMO
XUNTA DE GALICIA
Xunta de Galicia. Información mantida e publicada pola Xunta de Galicia
Atención á cidadanía - Accesibilidade - Aviso legal - Mapa do portal - Contacto
galicia

# • 15 PAISAXES DE GALICIA

2 CIDADES: Vigo, Santiago
1 PAISAXE DE FRONTEIRA: Vilarelho/Rabal
1 PAISAXE DE MONTAÑA: Courel
2 PAISAXES DE RÍO: Fragas do Eume, Ribeira Sacra
1 PAISAXES TRANSFORMADAS: Lagoa de Antela
3 PAISAXES ECONÓMICAS AGROGANDEIRAS: Deza, Terra Cha, O  Ribeiro
1 FERIDAS NAS PAISAXES: Casaio, (Porriño, As Pontes, San Cibrao, Mesía)

2 VILAS: Viveiro/Celeiro, Allariz

2 PAISAXES DE COSTA: Costa da Morte, Ría de Arousa



# • ESTRUTURA DAS LÁMINAS




## Ría de Viveiro
### Celeiro

Celeiro é o porto natural da ría de Viveiro, cuxa boca se abre entre Puntas Socastro e Faro. O topónimo Celeiro (do latín CELARE, 'gardar') remítenos etimoloxicamente a un lugar que servía de almacén de gran, un hórreo.

O fondo da ría, cun calado máximo de 24 m e con sedimentos cuaternarios, constitúe unha unidade de esteiro na que o carácter morfolóxico máis evidente é a ampla extensión de marismas e chairas intermareais, acumulando grandes depósitos areentos.

A orixe da ría é de tipo tectónico: o afundimento do bloque central permitiu o asolagamento da rede fluvial antiga e o seu forte encaixamento entre aliñacións montañosas laterais.

A orientación nor-nordés da ría canaliza os ventos arrefriando o morno clima oceánico cunha temperatura media que oscila entre os 12 e 13ºC. Os ventos dominantes son oestes-suroestes en verán, e nordés en inverno.

A dársena é un espello da malversación dun ecosistema que era unha fortuna en fauna mariña e recursos económicos. De 1973 a 1993 tranformouse o hábitat ribeirán con recheos e infraestruturas portuarias, convertendo as marismas en asfalto. Os fondos da baía ficaron espoliados de flora e fauna, por mor dos deterxentes e incesantes avarías no emisario da depuradora de augas residuais.

En Celeiro predominan, por riba da construción urbanística, os solos de cultivo, prado e monte, cunha exuberancia de eucaliptal. A vila é unha poboación costeira con fondo arraigo da pesca e da salgadura, uns sectores que constitúen o sinal de identidade de Celeiro.

O porto é hoxe pioneiro en todo o litoral español e un referente na pesca. A actividade mariñeira abrangue as principais artes (baixura, arrastre, palangre, volanta, grande altura, marisqueo), mariña mercante e conserva, sendo a pescada do pincho o producto estrela da lonxa.

As fábricas de salgadura do s. XIX e as 18 conserveiras do s. XX fomentaron o proceso de industrialización, desenvolvido entre 1920 e 1940. Máis dun milleiro de mulleres desempeñaron un rol esencial, pois eran elas quen descargaban o peixe e o transportaban ás factorías; eran pescantinas, redeiras, mariscadoras, obreiras da salga e conserva.

A infausta data 12 de xullo de 1961 marcaría Celeiro a causa dunha galerna na que afundiron tres lanchas cun tráxico ronsel de 30 mortos. O Crédito Social Pesqueiro e a entrada en 1986 na CEE modernizarían a frota pollendo o porto rumbo ao futuro.

Do s. XVI datan os preitos Viveiro-Celeiro na posa polo liderado económico da ría. Viveiro vén sendo a cidade administrativa e comercial, e Celeiro, a vila mariñeira.

# • ESTRUTURA DAS LÁMINAS



# • ESTRUTURA DAS LÁMINAS

## • Paso do Tempo

Vista desde a Atalaia do Porto de Celeiro nos anos 1950



Vista desde a Atalaia do Porto de Celeiro no ano 2015



Viveiro 1929. Panorámica extraida da película "Un viaje por Galicia", de Luis R. Alonso



A mesma vista en 2014



VIDEO "UN VIAJE POR GALICIA" 1929. LUIS R. ALONSO


VIVERO
C.G.A.I/ F.E

# A PAISAXE

# • ESTRUTURA DAS LÁMINAS

## • Na Literatura • Na Pintura • No Cinema • Na Toponimia

Texto Literario •

*-Papá, cóntalle á Pícara como pescabades ó mazacote e ó tolilar no tempo do mansio - suxeriu Ché, un episodio que tantas veces de neno tíñalle escoitado. [...]*

*-E pois ... íbamos ó mansio e ó tolilar, traballando á sardiña, había que ir perseguindo as toliñas porque os delfíns sonche moi finos: van xuntando o banco de peixe para comer, e nosoutros atrás deles, claro, para pescar aproveitando a trollera. A toliña cando pega co peixe, co mosquilón ...*

*-Co que? - interrompeu interesada Carmela.*

*-O mosquilón, a mancha de peixe, muller - explicábase Papá Tone.*

*-O relanzón, nena, quisquilla desa ... camarón bravo, calveiro -precisou Ché á filla -Aparecen no mar como unha mancha roxa, e serve de comedoria á anchoa e o verdel ... cando dan con el, a toliña vai detrás e failles saltar á sardiña, ó bocarte, corrioto ... Aí seique fillan regatas de botes para chegar antes a lancha á trollera e pescar primeiros. De aí naceu o deporte do remo. Dunha necesidade pasou ás olimpíadas.*

*-Á trolle que, dixeches?*

*-Á trollera, unha bandada de peixe cando se xunta para comer ...*

*(...)Xa seu pai tíñalle escoitado cantidade de vivencias da pesca. Dende o primeiro embarque en Foz cos Quintaneiro ás costeiras do bocarte e bonito, ata os vinte e oito anos entre Celeiro e Burela. Dos inicios como muchacho e da dureza dun oficio que faría de Ché un home amargado, a auga, pós peixiños de colores. Carmela unha tarde de praia quixo animar a seu pai cando saía do baño, ves, papá? e dicías que non che gustaba o mar. Ché corrixiuna en seco, nena, esta non é o mar, é a orilla.*

A LUA DEITADA EN PORTO NORTE

Vicente Míguez Salgueiro

Obras Pictóricas •

COSTAS GALLEGAS Óleo sobre lenzo (120x200)
Francisco Llorens Díaz (A Coruña 1874 - Madrid 1943)



XOGOS DE LUZ CON CHUVASCOS NAS RÍAS ALTAS
Óleo sobre lenzo Amando Suárez Couto



Película •



OS MORTOS VAN A PRÉSA
Dirección: Angel de la Cruz
Produción: Artemática, Sempreccinema, Perro Verde, Voz Audiovisual, Ropo Coruña e Cinematógrafo Films
Ano: 2009

Irene, unha camioneira que acode a buscar marisco á vila mariñeira de Fariño do Mar, queda atascada co seu camión nunha ponte, impedindo o paso ao cemiterio o día que van enterrar o patrón maior da Confraría de mariscadores. O suceso impide celebrar as honras fúnebres, polo que o cadaleito regresa á casa onde será velado ata que o problema se solucione.
A xente divídese entre os que apoian a Irene, como Venancia, a lareira e antiga noiva de Filomeno, fillo do morto, que apostan por desmontar unha estatua, ou os que apoian a Filomeno que avoga por despezar o camión.
As vellas leas e diferenzas entre uns e outros acentuaranse, pero nada como o conflito que xorde cando as mulleres que están a velar o cadaleito, ancoradas en ancestrais crenzas e tradicións, pensan que a alma do defunto aínda non abandonou o seu corpo, xa que ten unha conta pendente. A meiga aconséllalles que invoquen a Santa Compaña.
As Rías Altas, en concreto o lugar de Rinlo no concello de Ribadeo é o lugar elixido por Ángel de la Cruz para rodar este filme no que amosa espectaculares paisaxes da Praia das Catedrais, o Faro de Illa Pancha, a vella cetárea, a igrexa, a confraría e o cemiterio de Rinlo. O director explicou: "A aldea está moi bonita e na película imos reflectila tal como é"




• Topónimos

## Paisaxe de Vila Costeira (Rías Altas)

## • 15 PAISAXES DE GALICIA

# RÍA DE VIVEIRO - CELEIRO



A Ría de Viveiro pertence ás Rías Altas de Galicia. Ten un trazado simple e estreito. As rochas das súas ribeiras están consideradas das máis antigas da Península Ibérica e o seu fondo é areento e sen cantís.

Celeiro é o porto natural da ría de Viveiro. A vila é unha poboación costeira con fondo arraigo da pesca e da salgadura, uns sectores que constitúen o sinal de identidade de Celeiro.

Texto de **Vicente Míguez Salgueiro**, Escritor e Mestre nos CEIP de Celeiro e Vicedo

• 15 PAISAXES DE GALICIA

# AS FRAGAS DO EUME

Texto de Antón Marcal Carracedo, Axente Facultativo Medioambiental nas Fragas do Eume



Nas Fragas do Eume xurdiu unha exuberante biodiversidade, froito da variedade microclimática existente, que fai deste espazo un lugar senlleiro en Europa.

Estas fragas son un lugar único que estamos obrigados a conservar. Froito desta inquedanza ambiental foi declarado en 1997 o "Parque Natural das Fragas do Eume".

VIDEO FRAGAS DO EUME



# • 15 PAISAXES DE GALICIA
# A TERRA CHÁ

Texto de Fco. Javier López González. Profesor de Enxeñaría Agroforestal da USC



**Dado o seu carácter de ampla chaira no corazón do país, é unha unidade paisaxística ben definida.**

O verde dos seus prados, que parece non ter límite pola amplitude da nosa visión, as pequenas aldeas, e tamén as casas diseminadas, grandes, volumétricas, os bosquetes dun verde máis escuro, os cultivos forraxeiros, o mato..., todo convive sobre unha terra que hoxe está claramente especializada cara ao sector gandeiro, preferentemente de aptitude leiteira.

Texto de Rocío Romar Roel, Xeógrafa e Mestra no IES Urbano Lugrís de Malpica de Bergantiños

## Paisaxe de Costa

## • 15 PAISAXES DE GALICIA
# COSTA DA MORTE



Pola perigosidade dos seus cantís e a sucesión de temporais de vento e grandes ondas, a Costa da Morte pode quedar delimitada entre as Illas Sisargas (Malpica de Bergantiños) e Fisterra.

Aínda que as actividades de explotación do mar e do agro foron tradicionalmente a base da economía da Costa da Morte, nas últimas décadas están a xurdir sectores punteiros no eido dos cultivos mariños especializados en granxas, as enerxías renovables ou o turismo cultural.

• 15 PAISAXES DE GALICIA

# SANTIAGO DE COMPOSTELA



O mítico descubrimento no Libredón do sepulcro do Apóstolo Santiago a principios do s. IX, nun outeiro divisorio das concas dos ríos Sar e Sarela, deu orixe á cidade.

A 260 metros sobre o nivel do mar, ten un clima oceánico húmido con temperaturas suaves. A humidade relativa media anual pode acadar o 80% e é un dos lugares de Galicia no que se rexistran máis días de chuvia ao ano.

Texto de Ángel Panero Pardo, Arquitecto do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela

# • 15 PAISAXES DE GALICIA
# O DEZA

Texto de Francisco Castillo Rodríguez. Xeógrafo e profesor de Educación Secundaria



Terras de longa tradición agropecuaria, localizadas a cabalo entre o val do Ulla e as terras costeiras das Rías Baixas.

A distribución xeral dos usos do solo aínda responde, en gran parte, ao modelo tradicional, a pesar dos procesos de concentración parcelaria e das modificacións derivadas da expansión urbana das cabeceiras municipais e do desenvolvemento industrial.

## Paisaxe de Montaña

## • 15 PAISAXES DE GALICIA
# O COUREL



Texto de **Ramón Vila Anca**, Director do Museo Xeolóxico de Quiroga

A xeoloxía deste territorio, eminentemente montañoso, conta cunha historia moi longa. Nel atopamos algunha paraxe de relevancia a nivel mundial coma o sinclinal da Serra do Courel (coñecido como dobramento de Campodola-Leixazós).

Aínda que estas zonas de montaña non parezan lugares propicios para a ocupación humana, o asentamento na Serra do Courel pódese constatar desde a Prehistoria.

VIDEO IT COUREL


Punto
xeolóxico,
e mineir

## Paisaxe de Costa (Rías Baixas)

## • 15 PAISAXES DE GALICIA
# RÍA DE AROUSA



Texto de Enrique Seoane Prado. Arquitecto e profesor da Universidade da Coruña

A paisaxe da ría confórmase pola concavidade dos montes e serras que a rodean, ten a auga como esencia e espazo central, e na boca ao mar, as illas e a península do Grove defendena dos ventos oceánicos.

Nas augas da ría mariscouse e pescouse desde sempre, e hoxe o cultivo de marisco e os polígonos de bateas ocupan máis da cuarta parte do Mar de Arousa.

Texto de Miguel Pazos Otón, Xeógrafo e profesor da Universidade de Santiago de Compostela



# • 15 PAISAXES DE GALICIA
# RIBEIRA SACRA



A Ribeira Sacra é unha das paisaxes máis singulares de Galicia. No seu interior, os ríos Miño e Sil conflúen nos Peares. Augas arriba desa unión, o Miño e o Sil xeran profundos canóns.

A Ribeira Sacra como destino turístico está vencellada á paisaxe, ao patrimonio histórico, á visita de adegas -con catas de viños- e aos catamaráns do Miño e do Sil, unha das actividades preferidas nas visitas a estas terras.

VIDEO IT RIBEIRA SACRA "TERRA E VENTO"

# • 15 PAISAXES DE GALICIA
# O RIBEIRO

Texto de Xosé Carballido Presas, Enxeñeiro Técnico Agrícola e Master en Viticultura e Enoloxía



A súa historia está ligada ao cultivo da vide. A diferenza doutras comarcas onde a agricultura era para autosuficiencia e para obter algúns ingresos pola venda de excedentes, as comarcas vitivinícolas dedicaban a práctica totalidade da súa produción á comercialización.

Na actualidade, a excesiva subdivisión hereditaria dos terreos tenta corrixirse mediante concentración parcelaria, cooperativas de cultivos en común ou plantacións en terreos de monte.

# VIGO



Texto de Xosé M. Souto. Xeógrafo e profesor da Universitat de València

Moitas veces tense falado de Vigo como federación de aldeas. O que se pode apreciar sobre o o municipio é unha morea de lugares que representan unha estrutura tradicional do hábitat galego, aínda que se agravase a dispersión nos últimos decenios, como sucedeu en toda a área metropolitana. Os cultivos de millo, patacas e legumes mostran que foi a paisaxe tradicional do policultivo de subsistencia, que actualmente ten pouco interese económico e ecolóxico.

VIDEO VG VIGO

# ALLARIZ



Texto de Bernardo Varela López, Enxeñeiro de Montes

O Río Arnoia ten marcado o devir do territorio ao longo dos séculos, e segue a ser hoxe motor de desenvolvemento.
No 1989, a veciñanza foi quen de poñer en valor o seu patrimonio secular. Empezando polas construcións abandonadas do entorno do Río Arnoia: curtidoiros, muíños, presas. Continuando pola recuperación do seu Casco Histórico, que pasou en moitos casos das silveiras a ser un importante polo de desenvolvemento económico.

VIDEO IT ALLARIZ

# • 15 PAISAXES DE GALICIA

## A LIMIA - LAGOA DE ANTELA

Texto de Valerià Paül Carril. Xeógrafo e profesor da Universidade de Santiago de Compostela



Até finais da década de 1950 existiu nesa chaira unha lagoa duns 40 km2. Esa lagoa foi destruída a partir da década de 1950, a maior agresión sufrida por unha paisaxe galega na súa integridade. Non fica practicamente ningún lugar no que esa paisaxe tradicional se conserve, non só a causa da desgraza da lagoa, senón por mor das concentracións parcelarias que se practicaron durante as décadas posteriores, mesmo aínda no s. XXI. Dunha paisaxe heteroxénea pasouse a unha paisaxe monótona.

Texto de Juan M. Trillo Santamaría, Licenciado en Humanidades e investigador posdoutoral da USC.

# • 15 PAISAXES DE GALICIA
# PAISAXES DE FRONTEIRA



Esta fronteira, coma todas, é azarosa, xa que a súa existencia é debida a motivos políticos e históricos. Neste sentido, e non habendo estruturas defensivas nas inmediacións, esta paisaxe non presenta elementos físicos que amosen a presenza da fronteira.

Nesta zona, existe a iniciativa máis potente de cooperación transfronteiriza entre cidades da raia galego-portuguesa: a Eurocidade Chaves-Verín.

• 15 PAISAXES DE GALICIA

# FERIDAS NAS PAISAXES

Texto de Rocío Romar Roel, Xeógrafa e Mestra no IES Urbano Lugrís de Malpica de Bergantiños



O solo e o subsolo do planeta foron sufrindo as pegadas na procura de recursos e da súa explotación. A minaría, as instalacións fabrís, a produción de refugallos, etc. deixaron e deixan fondas cicatrices nas paisaxes que persisten ao longo do tempo e o seu impacto abrangue tamén as augas, a atmosfera e a calidade de vida de todos os seres. Algunhas destas feridas seguen a medrar, outras viven procesos de rexeneración e recuperación coa toma de medidas en aras da sustentabiblidade paisaxística e medioambiental.

- A PAISAXE NA LITERATURA
    - COMO ENSAIOS/REFLEXIÓNS CONFORMADORES DA IMAXE COLECTIVA DO PAÍS
    - COMO PROTAGONISTA
    - COMO SOPORTE/ESCEARIO DE TRAMAS LITERARIAS
    - A PAISAXE NOS TEXTOS HISTÓRICOS

- ENSAIOS/REFLEXIÓNS CONFORMADORES DA IMAXE COLECTIVA DO PAÍS
    - ROSALIA DE CASTRO - (EXPRESIÓN DA PAISAXE)

      *Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos iñorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, qu'inda os mesmos que poideron contemprar tanta hermosura (...)*

    - VICENTE RISCO - (PRESENTACIÓN)

      *"Ti dis: Galiza é ben pequena. Eu dígoche: Galiza é un mundo. Cada terra é coma se fose o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do Norte para o Sul, do Leste para o Oeste noutro tanto; poderala volver andar outra vez e máis: non a has dar andado.*

- ENSAIOS/REFLEXIÓNS CONFORMADORES DA IMAXE COLECTIVA DO PAÍS

  - RAMÓN OTERO PEDRAIO - (EXPRESIÓN DA PAISAXE)

    *Non se debe procurar a paisaxe galega como parque de recreo, ou con sentimentos e afáns de turismo. Galicia aínda agarda o libro que saiba descubrir e expor a transcendencia da súa paisaxe.*

  - ALFONSO D. R. CASTELAO - (FRAGAS DO EUME)

    *O albre é o símbolo do señorío espiritual de Galiza. (...)*
    *Na nosa terra danse os mellores arbres.*
    *O día que seipamos o que vale un albre, aquel día non teremos necesidade de emigrar.*

- COMO PROTAGONISTA

  - MANUEL MARÍA - (TERRA CHÁ)

    *Ollada a Terra Chá dende as alturas*
    *É semellante a un mar en calma.*
    *Pra medila só valen dúas mensuras:*
    *¡Ferrados de corazón, fanegas de alma!*

  - UXÍO NOVONEYRA - (O COUREL)

    *Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!*
    *Eiquí síntese ben o pouco que é un home...*

    *Terras érmedas do Freixeiro!*
    *Montes irados!*
    *Pobos pobres*
    *que se foron quedando nos ósos!*

- COMO SOPORTE/ESCEARIO DE TRAMAS LITERARIAS

  - NARRATIVA XUVENIL

(VVEIRO) Vicente Míguez Salgueiro
(COSTA DA MORTE) Marilar Alexandre
(RÍA DE AROUSA) Manuel M Barreiro
(O RIBEIRO) Miguel Anxo Fernández
(VIGO) - (FRONTEIRA) Agustín Fernández Paz
(ALARIZ) Antón Cortizas Amado

*Cando o aeromóbil deixou atrás un pequeno outeiro, David atopouse de súpeto con aquela enorme masa verde diante dos seus ollos. Por uns momentos pareceulle que estaba a contemplar un estraño e xigantesco ser vivo, adormecido no medio do campo.*

*A visión do bosque deixouno abraiado. Era a primeira vez que se atopaba cunha inmensidade semellante, tan diferente ós bosques que estaba afeito a ver nos hologramas ou nos xogos de realidade virtual. Sentiuse dominado por unha súbita atracción, como se daquela foresta emanase un raro magnetismo que lle impedise continuar a viaxe a ningunha parte que estaba a facer desde que deixara soa a súa nai, había xa case dúas horas.*

FERNÁNDEZ PAZ, AGUSTÍN.- O centro do labirinto. Ed. Xerais.

# • COMO SOPORTE/ESCEARIO DE TRAMAS LITERARIAS

- BANDA DESEÑADA - (O DEZA)
  Miguelanxo Prado



# • COMO SOPORTE/ESCEARIO DE TRAMAS LITERARIAS

## • Literatura Popular:

### • Lendas - (A Limia - Lagoa de Antela)

*A lenda conta que antigamente no lugar que hoxe ocupa esta lagoa houbo unha cidade chamada Antioquía, coñecida porque os seus veciños carecían de calquera mostra de caridade.*

Antonio Reigosa

### • Cantigas Populares

*Pica, canteiriño, pica,*
*pica na pedra miúda;*
*pica na muller allea,*
*que outro picará na túa.*

## • TEXTO HISTÓRICO

### • Codex Calixtinus - (Santiago de Compostela)

*A cidade de Compostela está situada entre dous ríos chamados Sar e Sarela. O Sar atópase ao nacente entre o Monte do Gozo e a cidade, e o Sarela ao poñente. As entradas e portas da cidade son sete. A primeira entrada chámase Porta Francesa; a segunda, Porta da Pena; a terceira, Porta de Sofrades; a cuarta, Porta do Santo Peregrino; a quinta, Porta Falguera, que conduce a Padrón; a sexta, Porta de Susannis; e a sétima, Porta de Mazarelos, pola que chega o precioso licor de Baco á cidade.*

(Libro V, Capítulo IX)

- A PAISAXE NA PINTURA
  - RETORNO Á ORIXE
  - DAR A COÑECER OS AUTORES GALEGOS
  - AMOSAR AS INTENCIONALIDADES
  - CONXUGACIÓN ENTRE O HOME E A TERRA

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao: *Vento mareiro*



Amando Suárez Couto: *Xogos de luz con chuvascos nas Rías Altas*



Manuel Colmeiro: *Paisaxe*



María Antonia Dans: *Prado de Curtis*



José Luís González Loureiro: *Paisaxe*



Luis Seoane: *Paisaxe de Ría*



- A PAISAXE NO CINEMA

  - COMO PROTAGONISTA EN DOCUMENTAIS

  - COMO SUPORTE/ESCEARIO DE TRAMAS CINEMATOGRÁFICAS EN FILMES DE FICCIÓN

# • A PAISAXE NO CINEMA




VIDEO

## • TOPONIMIA







www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator
http://sli.uvigo.es/toponimia

# • ACTIVIDADES COAS LÁMINAS

ENTORNO A CINCO EIXOS CON DOUS NIVEIS DE DIFICULTADE

1.- PERCEPCIÓN DA PAISAXE

2.- IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS SIGNIFICATIVOS DA PAISAXE

3.- ANÁLISE DA PAISAXE:
UNHA VIAXE SINCRÓNICA E DIACRÓNICA

4.- VALORACIÓN DA PAISAXE

5.- COMPARTIMOS OUTRAS OLLADAS Á PAISAXE

# 1.- PERCEPCIÓN DA PAISAXE

- **DA ACTIVIDADE 1 Á 12**

  **MATERIAL COMPLEMENTARIO:**

  VIDEOS 24 H: CATRO LUGARES / CATRO ESTACIÓNS





Torés - O Courel



Allariz



A Quintana - Santiago



Pza Pontevedra - A Coruña

# 2.- IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS SIGNIFICATIVOS DA PAISAXE

- Da actividade 13 á 19 + Contraportada do Caderno



| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CORES | Cálidas<br>Frías | Mates<br>Brillantes | Claras<br>Escuras | | |
| FORMAS | Simples<br>Complexas | Estáticas<br>Dinámicas | Regulares<br>Irregulares | Xeométricas<br>Amorfas | |
| TEXTURAS | Lisas<br>Rugosas | Brandas<br>Duras | Ríxidas<br>Flexibles | De grao fino, medio ou groso | |
| LIÑAS | Longas<br>Curtas | Horizontal<br>Vertical | Continuas<br>Descontinuas | Rectas<br>Curvas | Quebradas<br>Onduladas |

Estruturais A Elementos ABIÓTICOS
Texturais B Elementos BIÓTICOS
Texturais C Elementos CULTURAIS ou ANTRÓPICOS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ELEMENTOS ESTRUTURAIS | A | Elementos ABIÓTICOS<br>Son todos aqueles elementos que non son seres vivos. A súa presenza, distribución e configuración poden estar debidas á acción do ser humano. | Relevo | Altas · Corgos · Serras · Canóns · Depresións · Vales · Cantís · Illas · Chairas · Praias · etc. |
| | | | Auga | Encoros · Focas · Rías · Enseadas · Lagoas · Ríos · Esteiros · Levadas · Fervenzas · Marismas · etc. |
| ELEMENTOS TEXTURAIS | B | Elementos BIÓTICOS<br>Correspóndense coa vexetación, que pode ser tanto a que medra de forma espontánea como a inducida polo ser humano, excluíndo os campos de cultivo e os prados nos que hai gando. | | Acibeiras /acibeirais · Ameneiros /amieirais · Bidueiros /bidueirais · Bosques de ribeira · Carballos /carballeiras · Castiñeiros /soutos · Eucaliptos* · Fragas · Monteiras · Monte · Piñeiros /piñeirais* · Plantacións forestais* · Sobreiras /sobreirais · Teixos /teixeiras · Uces /uceiras · Xestas /xesteiras · etc. |
| | C | Elementos CULTURAIS ou ANTRÓPICOS<br>Son todos aqueles elementos que non están clasificados en A e B e que necesariamente teñen unha orixe humana ou cultural. A súa clasificación é moi complexa, pero podemos distinguir entre tres grupos. | Urbanos | Bloques · Cidades · Edificios · Parques · Polígonos · Portos · Rúas · Urbanizacións · Vilas · Zonas vellas · etc. |
| | | | Agrarios | Agros · Bacelos · Camiños · Campos · Hórreos · Hortas · Invernadoiros · Prados · Leiras · etc. |
| | | | Outros | Antas · Pontes · Bateas · Canteiras · Castros · Estradas · Liñas de tren · Castelos · Mosteiros · Piscifactorías · Vertedoiros · etc. |



E TI... DE ONDE VÉS SENDO?



www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator

# 3.- ANÁLISE DA PAISAXE
## UNHA VIAXE SINCRÓNICA E DIACRÓNICA

- **DA ACTIVIDADE 20 Á 43**
  **MATERIAL COMPLEMENTARIO:**
  SPOTS / A MANSIÓN DOS PAMPÍN



- **O TEMPO DA TERRA**






# 4.- VALORACIÓN DA PAISAXE

- DA ACTIVIDADE 44 Á 52

- SOCIAL
- ESTÉTICO
- IDENTITARIO
- SIMBÓLICO
- PRODUTIVO
- NATURAL
- HISTÓRICO



# 5.- COMPARTIMOS OUTRAS OLLADAS Á PAISAXE

## LITERATURA, PINTURA, CINEMA

## • DA ACTIVIDADE 53 Á 68

COSTAS GALLEGAS Óleo sobre lenzo (120x200).
Francisco Llorens Díaz (A Coruña 1874 - Madrid 1948)



Llorens foi discípulo de Sorolla. Para Llorens un pobo como o galego depende dunha terra irrepetible e distinta, dunha raza diferente e dunha historia e cultura propias. E iso é o que tenta representar nos seus cadros da paisaxe.

Cando lle preguntaron: Por que se decidiu vostede a ser paisaxista?, Llorens respondeu:

"...busquei descanso e refuxio en Galicia. E alí, contemplando o campo, foi cando cando verdadeiramente me fixen paisaxista. Ao me emocionar fronte a sorprendente beleza do agro celta e querer levar aos lenzos a miña emoción"

Llorens ten unha concepción lírica e espiritual da paisaxe.

XOGOS DE LUZ CON CHUVASCOS NAS RÍAS ALTAS
Óleo sobre lenzo (70x100). Amando Suárez Couto (Ribadeo 1894 - 1981)



Suárez Couto pinta estas paisaxes líricas nas que se impón a fermosura. Reproduce os lugares da contorna das Rías Altas con moitos adornos. O mar aparece liso e azul. A falta de verdade das esceas fan dos seus cadros motivos meramente decorativos.

Pero isto ten unha explicación. Amando, nos últimos anos da súa vida, sufría coa ameaza da destrucción incontrolada do medio natural e dos modos de vida tradicional e intenta preservar por medio da súa pintura as paisaxes e os ambientes que só quedarán na memoria dos máis vellos ou nos seus cadros antes de ser destruídos. Funde a idea de conservar a contorna e os ecosistemas coa de perpetuar a esencia de Galicia.

Galicia docemente
Está ollando ó mar:
¡ten vales e montañas
E terras pra labrar!
Ten portos, mariñeiros
Cidades e labregos
¡cargados de traballos
Cargados de trafegos!
Galicia é o que vemos:
A terra o mar, o vento...
¡pro hai outra galicia
Que vai no sentimento!
Galicia somos nós:
A xente e mais a fala.
¡si buscas a galicia
En ti tes que atopa- la!
Galicia somos nós:

*Manuel María*





# Por unha cultura da paisaxe



# MOITAS GRAZAS



*Rocío Romar Roel*


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
PROXECTOTERRA
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
C. O. A. G.
PAGUS
Galicia, un país de paisaxes
PLAN DE FORMACIÓN 15-16
Materiais elaborados para
Educación Infantil
Materiais elaborados para
Educación Secundaria
Materiais elaborados para
Educación Primaria
Este gráfico indica os concellos de procedencia dos centros participantes en cada unha das actividades:
• Visitas guiadas de Arquitectura e Cidade
• Intercambios Territoriais
Actividades Complementarias
Ao longo de 12 anos de oferta de actividades, teñen participado nas 900 actividades organizadas polo Proxectoterra uns 40000 escolares de centros procedentes de 95 concellos distintos de Galicia.
Entidades colaboradoras
Todos os materiais elaborados remitíronse gratuitamente a todos os centros educativos de Galicia -Públicos, Concertados e Privados- nos que se imparten as distintas etapas da Educación Obrigatoria.
as.pg
tve
ONCE
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA